

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 15/06/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARÍA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

DIEGO GARCÍA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:55 horas do día 15/06/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08 de xuño de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/1977

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel L Pan Collazo, en representación de Sihaho Consulting SLU, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 5 de xuño de 2026, en Praza RAvella o día 16 de xuño de 2026 e na Praza da Liberdade o día 30 de xuño de 2026, en horario de 9:30 a 14:30 horas, con motivo da realización dunha campaña informativa baixo o lema "Ti tes a chave" orientada á promoción das boas prácticas ambientais e á correcta xestión de residuos.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/1978

Dáse conta do escrito presentado por Dona Julia María Vieira Martínez, solicitando autorización para ocupación de vía pública cun posto de artesanía, na Avda. da Mariña, o día 7 de xuño d 2026, con motivo do Agora Vermú 2026.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2026/1979

Dáse conta do escrito presentado por D. Anxo Lua Areas, en representación da Confederación Intersindical Galega - CIG, solicitando autorización para ocupación de vía pública, na zona peonil entre a Rúa Arcebispo Lago e Rúa Alexandre Bóveda, o día 6 de xuño de 2026, con motivo da instalación dunha mesa informativa para a recollida de firmas por parte do colectivo de pensionistas da Confederación Intersindical Galega - CIG.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno queda sabedora.

PRP2026/1980

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Garcia Mauricio, en representación de Animación Sociocultural Nydia, solicitando autorización para realización dunha actuación musical da Asociación D'Vuena, xunto a Animación Sociocultural Nydia, na Praza da II República, o día 21 de xuño de 2026, ás 12 horas, con motivo da Festa da Música.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2016

Dáse conta de escrito presentado por D. Francisco Castro Carro, solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Maruja Mallo, nas inmediacións do nº 12.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección comprobouse que esa rúa é dun único sentido de circulación, con beirarrúas en ambos laterais e zona de estacionamento no lateral dos números pares, non existindo prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na citada Rúa, polo que consideran oportuno a sinalización dunha praza de estacionamento.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento na Rúa Maruja Mallo, á altura do nº 10, facendo constar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

PRP2026/2017

Dáse conta do escrito presentado por Dona Elena Bugallo Rodríguez, solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Concepción Arenal, nas inmediacións do nº 31.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que, a citada rúa é dun único sentido de circulación, con beirarrúas en ambos laterais e zona de estacionamento no lateral dos números pares, xa existindo dúas prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nesa mesma rúa, á altura dos números 14 e 16, polo que recomendan non acceder ao solicitado.

Fáise constar que as prazas reservadas a persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado pola Sra. Bugallo Rodríguez.

PRP2026/2019

Dáse conta de escrito con número de rexistro 2026005851 (RE-355/26), de data 29/04/2026, presentada por María Leonor DOS SANTOS PEREIRA en relación á solicitude dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na rúa García Hermo, 4.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que a rúa García Hermo é unha rúa de dobre sentido de circulación sen beirarrúas no lateral dos números pares no tramo onde se solicita e unha beiravía que se usa como zona de estacionamento.

Con base na actual normativa Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo:

“4. As prazas dispostas en liña terán unha dimensión mínima de 5,00 m de lonxitude x 2,20 m de ancho e ademais dispoñerán dunha zona libre de obstáculos para aproximación e transferencia posterior, cuxa anchura será igual á da praza e a súa lonxitude de, polo menos, 3,00 m. Sobre a beirarrúa lateral tamén existirá unha zona sen obstáculos de igual lonxitude que a praza coa súa zona de aproximación e transferencia e un ancho de 1,50 m. A zona de aproximación e transferencia en calzada posterior ao vehículo será marcada no plano do chan mediante marcas viadas que cumpran coa esixencia de resbaladicidad establecida no artigo 11, para permitir a saída e entrada con certeza, excepto nos casos en que devandita zona coincida cun paso de peóns ou outro espazo onde estea clara a prohibición de aparcar.” Non hai ancho suficiente na vía para sinalizar correctamente a praza demandada, a non ser diante da vivenda da solicitante e posterior aos portáis de acceso ao baixo da edificación, na beiravía usada como zona de estacionamento en detrimento de os peóns.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. Barreiro Rivas que non se pode acceder ao solicitado, de conformidade co indicado no informe da Policía Local.

PRP2026/2021

Dáse conta do escrito presentado or D. Mariano de la Torre Aguilar, en relación con deficiencias na vía pública, que poden resultar perigosas para os peóns, na Rúa Montenegro, esquina Rúa Sobrán.

Realizada inspección pola Policía Local comprobase que na localización sinalada non existe ningunha tapa de arqueta rota, se ben a beirarrúa presenta deficiencias e podería resultar perigoso para os peóns, polo que recomendan a súa reparación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr.de la Torre Aguilar que se procederá á reparación das deficiencias detectadas.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2026/2022

Dáse conta de escrito con número de rexistro 2026005274 (RE-334/26), de data 20/04/2026, presentada por Sheila BARREIRO RIVAS en relación á solicitude dunha praza de estacionamento para perseas con mobilidade reducida na rúa 5, 15 da Rosaleda.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que a Rúa 5 da Rosaleda é unha rúa de dobre sentido de circulación sen beirarrúas, cun ancho irregular de entre 4 e 5 m. con algúns lugares onde se amplía ata 2,5 m. máis polo retranqueo dalgunhas propiedades.

Con base na actual normativa Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo:

“4. As prazas dispostas en liña terán unha dimensión mínima de 5,00 m de lonxitude x 2,20 m de ancho e ademais dispoñerán dunha zona libre de obstáculos para aproximación e transferencia posterior, cuxa anchura será igual á da praza e a súa lonxitude de, polo menos, 3,00 m. Sobre a beirarrúa lateral tamén existirá unha zona sen obstáculos de igual lonxitude que a praza coa súa zona de aproximación e transferencia e un ancho de 1,50 m. A zona de aproximación e transferencia en calzada posterior ao vehículo será marcada no plano do chan mediante marcas viarias que cumpran coa esixencia de resbaladicidad establecida no artigo 11, para permitir a saída e entrada con certeza, excepto nos casos en que devandita zona coincida cun paso de peóns ou outro espazo onde estea clara a prohibición de aparcar.”

Non hai ancho suficiente na vía para sinalizar correctamente a praza demandada, diante da vivenda da solicitante é carril de circulación e diante do número 32 da rúa que é onde o retranqueo é máis ancho, hai unha leve pendente do nivel do chan e segue sen haber beirarrúas e

tamén sería crear unha praza de estacionamento semi-privativa diante da propiedade doutro veciño podendo xerar un conflito veciñal.

Faise constar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente, nunca se conceden con uso exclusivo de persoas determinadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. Barreiro Rivas que non se pode acceder ao solicitado, de conformidade co indicado no informe da Policía Local.

PRP2026/2035

Dáse conta do escrito presentado por D. Rafael Barcala Santiago, en representación da Asociación de Veciños San Miguel de Trabanca Badiña, solicitando autorización para a realización de diversas actuacións musicais, charangas e gaiteiros, no Parque de Doutor Carús, de Trabanca Badiña, o día 20 de xuño de 2026, en horario de 18:00 a 01:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2066

Dáse conta do escrito presentado por Club Olimpic-Vilagarcía, solicitando autorización e colaboración municipal con motivo da celebración dunha Macroexhibición de Taekwondo, o día 24 de xuño de 2026, en horario de 19:00 a 22:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de 4 mesas, equipo de son, transporte do tapiz dende o ximnasio e retorno, 150 cadeiras, 50 carteis anunciadores, 2 colectores, 50 valados delimitadores e 150 medallas.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de colaboración coa cesión de material da citada Fundación.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, no Parque da Xunqueira, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2078

Dáse conta de escrito presentado por Dona Andrea Iglesias Núñez en relación co estado de conservación do espello colocado nun farol de iluminación pública, situado en Avda. Agustín

Romero, fronte ao nº 13, para facilitar a visibilidade na saída do garaxe para a incorporación á circulación na vía pública.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que o espello sería para uso exclusivo para os usuarios do citado inmovible, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a renovación do material deberá ser a cargo dos usuarios do garaxe.

PRP2026/2086

Dáse conta do escrito presentado por Dona Fatima Moure Meixus, solicitando autorización para instalación dun mercado por parte do alumnado do Ciclo Formativo de Reprografía do Centro de Educación Especial, o día 16 de xuño de 2026, na Praza de Galicia, en horario de 12:00 a 13:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2088

Dáse conta do escrito presentado por D. Miguel Marcos Díaz del Río, en representación da Asociación Comisión de Festas de Vilaxoán, solicitando autorización para celebración dunha sardiñada popular no Parque de Dona Concha, en Vilaxoán, o día 18 de xullo de 2026, así como a colaboración municipal coa cesión de 4 baños, 50 mesas, colocación de valos, cabaletes con tableiro para servir as sardiñas, palco de 4x3 m, 2 ou 3 carpas, carteis publicitarios e limpeza da zona despois da celebración da actividade.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Área de Comunicación.

PRP2026/2087

Dáse conta do escrito presentado por Dona Joaquina Martínez Pintos, en representación da Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica AGAELA, solicitando autorización para instalación dunha mesa informativa, na Praza de Galicia, o día 21 de xuño de 2026, en horario de 10:00 a 14:00 horas, con motivo da conmemoración do mes da ELA e do Día Mundial

da ELA.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2097

Dáse conta de escrito presentado por D. Brandan Corredoira Fernández, solicitando autorización para instalación de carpa circense na Praza da II República, do 28 de setembro ao 12 de outubro de 2026.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, por non considerar a ubicación adecuada para este tipo de instalacións.

Comunicaselle que deberá poñerse en contacto co Concello para valorar outras alternativas para a instalación solicitada.

PRP2026/2099

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños Breogan, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa Camilo José Cela, o día 26 de xuño de 2026, en horario de 19:00 a 22:00 horas, para levar a cabo unha actuación da Banda de Música.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2110

Dáse conta de escrito presentado por CD Fincas Vilagarcía SL, en relación con queixas dos veciños da zona de Vilaboa e Tv. da Fonte, polas obras de reforma da zona e obras de humanización. Dáse conta de informe da dirección de obra das obras de Humanización do entorno da Fonte e Lavadoiro de Vilaboa. Fase I, no que se conclúe:

"En relación coas cuestións formuladas polos veciños, se informa que os sentidos mostrados no cartel de obra non son os contemplados no proxecto, nin o que finalmente se implementará. De todas formas os aspectos relativos á regulación do tráfico e ao sentido de circulación, deberán ser valorados e informados pola Policía Local e os servizos municipais competentes".

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que as obras están sen rematar polo que a circulación dos vehículos se adecúa ao ritmo das obras e se modifica circunstancialmente

segundo o avance destas, ata a finalización e entrega das mesmas ao Concello.

A sinalización definitiva da zona estará reflectida no proxecto técnico da obra e supervisado polo Departamento de Urbanismo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta do indicado pola Policía Local e a Dirección das Obras a CD Fincas Vilagarcía SL.

PRP2026/2111

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas, na que se indica que a praia do Preguntoiro, situada na parroquia de Vilaxoán, carece na actualidade de baños públicos. Durante a tempada estival, esta zona experimenta un notable incremento de visitantes, o que supón unha demanda crecente de servizos básicos, entre os que destaca o acceso a instalacións sanitarias. Co fin de garantir unhas condicións adecuadas de hixiene e confort para os usuarios da praia, resultando necesario dotar a zona cun servizo de baño portátil, co obxectivo de dar cobertura á demanda de baños públicos na praia do Preguntoiro (Vilaxoán) durante a tempada de verán, concretamente no período comprendido entre o 1 xullo e o 15 de setembro do presente ano, ambos inclusive.

As características son as seguintes:

- Alugueiro dun baño portátil sanitario modelo AIS 4MT, dotado de conexión a rede de abastecemento de auga e rede de saneamento.
- A instalación do módulo sanitario realizarase na contorna da praia do Preguntoiro.
- A conexión ás redes municipais de auga e saneamento será executada polo persoal de fontanaría do Concello.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR, S.L. con CIF: B-12.019.659, para o alugueiro dun baño portátil para a Praia do Preguntoiro (do 1 de xullo ao 15 de setembro de 2026), por un importe total de 405,29 € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2113

Dáse conta do escrito presentado por PIROTECNIA MILLARENGO FABRICA Y DISPARO S.L., comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico (fogos de ruidos) de menos de 10 kg. de contido explosivo neto (NEC) segundo o vixente Regulamento de Artículos Pirotécnicos e Cartuchería (RD 989/2015, de 30 de outubro - BOE 267/2015), para os días 19, 20, 21 e 24 de xuño de 2026, con motivo da celebración das Festas de Bamio.

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 28 de maio de 2026 adoptou o seguinte acordo:

- O Concello de Vilagarcía comprométese á redución das bombas de palenque nas festas e celebracións que teñan lugar no concello.
- O Concello de Vilagarcía constituirá un grupo de traballo, co obxectivo de elaborar propostas e medidas orientadas á diminución das bombas de palenque.

Vista a documentación aportada, o informe da Policía Local, e o acordo do Pleno da Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da realización do espectáculo de pirotecnia solicitado, debendo axustarse á normativa de aplicación e ter en conta as restricións que para o lanzamento de artigos pirotécnicos sexa emitida pola autoridade competente, por risco de incendios.

PRP2026/2116

Con motivo da incorporación de dous novos axentes ao persoal da Policía Local, así como da necesidade de repoñer diverso material deteriorado ou caducado derivado do uso continuado do servizo, considérase necesaria a adquisición de diverso material de protección e dotación policial para garantir a seguridade dos axentes e o correcto desempeño das súas funcións.

Material a adquirir

- 9 chalecos antibalas Nivel 11IA Guardatech Rabintex, con funda bicolor sistema MOLLE.
- 35 fundas para chalecos antibalas, debido á deterioración ocasionada polo uso diario, maniendo as placas interiores en servizo ata a data de caducidade das mesmas.
- 3 defensas extensibles modelo Talón 50, incluíndo o seu correspondente funda, sendo unha delas para substitución doutra deteriorada.
- 3 fundas de coiro para grillóns.
- 10 Luvas anticorte Mechanix Pursuit D5.
- 3 fundas interiores de paisano.
- 8 grillóns UL-1 pregables, con dobre pechadura en aceiro inoxidable

A adquisición do citado material resulta imprescindible para manter os niveis adecuados de seguridade, operatividade e protección individual exixibles ao servizo policial, así como para dotar correctamente aos novos axentes incorporados.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro denominado "SUBMINISTRO DE CHALECOS, FUNDAS E MATERIAL" á mercantil : GALICOM, S.L. (NIF: B15978356), que inclúe CHALECO ANTI BALAS NIVEL IIIA GUARDTECH RABINTEX CON FUNDA BICOLOR MOLLE; TALON 50 DISPOSITIVO DEFENSA; FUNDA ROTATORIA TALON 50; UL-1 PLEGABLE DE DOBLE CERRADURA INOX; FUNDA CUERO CINTURON PARA UL-1 PLEGABLE; GUANTE ANTICORTE MECHANIC PURSUIT D-5; FUNDA INTERIOR PAISANO KYDEX PARA H&K USP 45 C; FUNDA CHALECO BICOLOR CON SISTEMA MOLLE, polo prezo de 14.987,00 € (sen IVE) e 18.134,27 € (IVE incluído) de acordo coa oferta presentada e con cargo á aplicación orzamentaria 132-62300 e Proxecto de Gasto 2020/2/PREST/1, e á aplicación orzamentaria 132-62300 e Proxecto de Gasto 2025/2/PREST/21. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2119

Dáse conta do escrito presentado por Dona Belén Rodríguez Fernández, en representación de Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza - ADEGA, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa realización dunha exposición histórica e pioneira do ecoloxismo galego ("50 anos coidando a terra"), no paseo central do Parque da Xunqueira, do 17 ao 8 de xullo de 2026.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2120

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Cardalda Meléndez, en representación de Asociación Cultural Marajota e Media de Vilaxoán, solicitando autorización para celebración da 44 edición do "Vilaxoán Canta", na Praza Rafael Pazos, Vilaxoán, o día 20 de xullo de 2026, ás 20:30 horas, así como a colaboración municipal, seguinte:

- Colocación de 400 sillas para o concerto na Praza Rafael Pazos, as 17:00 horas do día 20 de Xullo.

- Colocación dun escenario na praza Rafael Pazos de 6x4m (12 planchas) máxima altura permitida.
- Decoración con algún motivo floral (macetas) así como tela arpillera (saco) para cubrir frontal o día 20 de Xullo.
- Montaxe de trust encima do escenario para colocación de cartelería cos pesos pertinentes. Hora de colocación 17:00.
- Impresión de 400 libretos tamaño A5.
- Necesidades especiais montaxe e desmontaxe no mesmo día debido a celebración das festas patronais.
- Cobertura nas redes sociais de "Vilagarcía Viva" para o 20 de Xullo 44ª Edición do Vilaxoán Canta.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta aos Servizos Municipais de Obras, Xardíns e Área de Comunicación.

PRP2026/2121

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marta Rodríguez Arias, solicitando autorización para ocupación de vía pública con motivo da celebración da Festa do Corpus Chuiستی na Parroquia de Cea, a noite do sábado 20 de xuño para a elaboración de alfombras florais no entorno da casa de cultura e Igrexa de Cea, e corte do tráfico na zona dende as 18:00 horas do sábado ata as 13:30 horas do domingo, así como a delimitación da zona con valos.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2144

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que como consecuencia das actuacións urbanísticas levadas a cabo para a reordenación do itinerario peonil que comunica a Avenida da MARIÑA e Avenida ROSALÍA DE CASTRO co Paseo Marítimo, procedeuse ao desprazamento da localización dun dos pasos para peóns existentes na zona, concretamente o que se atopa á altura do inmobile número 134 de Avenida da MARIÑA.

Non obstante, constatouse que no emprazamento orixinal do citado paso peonil permanece

instalado o pavimento táctil indicador de advertencia, constituído por pezas con botóns ou resaltes destinados a informar as persoas con discapacidade visual da proximidade dun punto de cruzamento peonil; Tal como establece a Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, a cal contempla o emprego de pavimentos táctiles indicadores como elementos de orientación e advertencia integradas nos itinerarios peonís accesibles, debendo existir unha correspondencia efectiva entre a información táctil proporcionada e a realidade física da contorna.

A permanencia do devandito pavimento táctil nunha localización onde xa non existe un paso peonil pode xerar, seguindo o criterio da Policía Local, unha información errónea para as persoas con discapacidade visual, inducíndoas a interpretar a existencia dun cruzamento accesible onde este xa non se atopa operativo. Desde a perspectiva da accesibilidade universal e da seguridade dos usuarios, resulta conveniente evitar a existencia de elementos “podotáctiles” que constitúan sinais contraditorios ou sen funcionalidade, ao poder comprometer a correcta lectura do itinerario accesible e dificultar a orientación autónoma das persoas con discapacidade visual.

En base ao exposto procede a retirada, eliminación ou adaptación do pavimento táctil indicador de advertencia existente no anterior emprazamento do paso para peóns, restituíndo a continuidade e coherencia do itinerario peonil accesible e evitando a xeración dunha deficiencia de accesibilidade derivada da permanencia dunha sinalización táctil que xa non se corresponde coa configuración actual da vía pública.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da eliminación do pavimento táctil co fin de garantir a seguridade das persoas con discapacidade visual, e acorda dar conta á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

RECURSOS HUMANOS

PRP2026/2135

Dáse conta de proposta do Xefe do Servizo Municipal de Emerxencias xustificando a necesidade de proceder á contratación de 12 socorristas, para a tempada de verán.

Vista proposta do Departamento de Emerxencias, para que se proceda ao inicio do proceso selectivo e posterior contratación de 12 socorristas, co fin de dar cobertura ó servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, tal e como se ven facendo en anos anteriores, a xornada completa durante 3 meses desde o 1 de xullo de 2026.

A convocatoria para dito proceso se levará a cabo a través dunha oferta de emprego público ao Servizo Público de Emprego de Galicia e anuncio en prensa para maior publicidade.

Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. A aprobación da convocatoria para levar a cabo o proceso selectivo para a contratación de 12 socorristas para dar cobertura ao servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, para a tempada de verán durante 3 meses, do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2026, a través de oferta de emprego pública ao SPEG e anuncio en prensa.
2. A aprobación das bases do proceso selectivo de contratación dos 12 socorristas.

EMPREGO

PRP2026/2079

Por resolución ditada o 14 de setembro de 2022, ao amparo Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, ao Concello de Vilagarcía foille concedida subvención por contía de 2.490.852,00 € para os eixos e actuacións que constan na mesma.

Por resolución do 14 de setembro de 2025 acórdase prorrogar o prazo de execución de PSTD ata o 30 de maio de 2026, sendo a data límite de xustificación o 30 de xuño de 2026.

Por resolución do 11 de maio de 2026, autorízase a modificación substancial presentada para o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa” nos termos solicitados dende o Concello. A resolución indica o seguinte:

.... Autorizar la modificación sustancial presentada para el Plan de Sostenibilidad Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa”, que queda redactado en los siguientes términos.

ANEXO

Serán subvencionables las siguientes actuaciones (que se llevarán a cabo dentro del correspondiente eje de actuación) detallándose los importes y anualidades:

		Concello de Vilagarcía de Arousa	
		Cuadro Programación actuaciones	
Ejes programáticos		Actuaciones	Total
Eje 1. Transición verde y sostenible	1	Restauración ambiental de enlace Vía Verde para prox. enlace a ciclovía	
		Total EJE 1	245.000,00€
Eje 2. Mejora de la Eficiencia Energética	2	Renovación de alumbrado en paseo peatonal de playas, espacios de ocio y parques en Camino de Santiago y áreas ciclovías	
		Total EJE 2	579.000,00€
Eje 3. Transición Digital	3	Desarrollo de una app y contenidos multimedia	
	6	Oficina de turismo digital e inteligente (Smart CRV)	
		Total EJE 3	253.051,47€
Eje 4 Competitividad	8	Acondicionamiento de parkings disuasorios en colaboración con el sector	
	9	Acondicionamiento para uso turístico de parcela O Ramal 6,800m2	
	10	Oficina técnica para asesoramiento durante el proceso de elaboración, ejecución y gestión de la estrategia	
		Total Eje 4	1.439.748,71 €
TOTAL			2.516.800,18€

PRIMEIRO. DAR CONTA DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PSTD (Plan de Sostenibilidade turística en destino).

A D.A. única do RD 412/2026 de 27 de maio, polo que se regula a concesión directa dunha subvención ao Concello de Valdeavellano de Tera para o desenvolvemento de actividades formativas no Espazo Valdeavellano, establece

... Modificación del plazo de ejecución y justificación de las subvenciones reguladas en el Real Decreto 1073/2021, de 7 de diciembre.

Se modifica el artículo 6 del Real Decreto 1073/2021, de 7 de diciembre, por el que se regula la concesión directa de subvenciones destinadas a la financiación del Plan Nacional de Sostenibilidad Turística en Destinos Xacobeo 2021, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, que queda redactado en los siguientes términos:

«Artículo 6. Plazo de ejecución. El plazo de ejecución de las actuaciones subvencionables objeto de este real decreto se extenderá hasta el 30 de junio de 2026.

Toda la documentación justificativa necesaria para acreditar el cumplimiento del hito CID 221 deberá encontrarse disponible en la aplicación CoFFEE-MRR antes del 30 de junio de 2026, de conformidad con los mecanismos de verificación previstos en la Decisión de Ejecución del Consejo relativa al Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia de España y en la normativa nacional aplicable.

La justificación de las actuaciones subvencionadas se realizará conforme a lo previsto en el artículo 30 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, mediante la presentación de la correspondiente cuenta justificativa.

La acreditación del cumplimiento del hito CID 221 a efectos del Mecanismo de Recuperación y Resiliencia se entenderá sin perjuicio de las actuaciones de comprobación, control financiero y seguimiento que correspondan a las autoridades nacionales y europeas competentes....

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Quedar sabedora da prorroga do prazo de execución do PSTD nos termos da Disposición Adicional única do RD 412/2026 de 27 de maio.
- b) En relación coa modificación da resolución de concesión do PSTD, acordase a anulación da operación contable 22025002626196, por importe de 29.034,68 €, correspondente ao sobranche da adxudicación do contrato correspondente.
- c) Que en virtude do establecido da devandita resolución modificadora, acórdase a transferencia de crédito da partida 432 6410018 correspondente ao EIXO 3, á partida 133 6090018 correspondente ao EIXO 4. Competitividade. Actuación 9. Acondicionamento para uso turístico de parcela O Ramal 6.800 m2.

PRP2026/2114

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego "FORME 2026", a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Peycar Pontevedra SL, para o subministro de roupa de traballo do Programa de Emprego "FORME 2026", por un importe total de 3.360,90€ (IVE incluído), con cargo ao módulo B da subvención para gastos de formación e funcionamento do proxecto (partida 2412.22199), para levar a cabo as actuacións indicadas no proxecto de obra e os Certificados de Profesionalidade (EOCB0211) Pavimentos e albanelería de urbanización e (MAMS0108) Instalación de elementos de carpintería.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/2130

Polo Director da Biblioteca Municipal Rosalía de Castro informase que durante os meses de xullo e agosto as Axencias de Lectura de Bamio e Vilaxoán pechan os seus servizos de cara ós usuarios. A razóns son dúas: por un lado, o disfrute de vacacións do persoal encargado destas axencias, e outro, atender ás necesidades da Biblioteca Central para manter o horario de apertura establecido e conxugar adecuadamente as vacacións do resto de persoal.

Polo tanto, o non estar en funcionamento ós servizos bibliotecarios nestas axencias non é necesaria a limpeza destes locais durante os ditos meses de xullo e agosto.

Faríase necesario comunicar á empresa concesionaria do servizo de limpeza a incidencia sinalada.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar á empresa concesionaria a interrupción do servizo de limpeza das Axencias de Lectura de Bamio e Vilaxoán dende o 1 de xullo ó 31 de agosto.

PRP2026/2131

A concellería de Educación pretende poñer en marcha a liña de subvencións para as ANPAS dos centros sostidos con fondos públicos que prestaron o servizo do Plan Madruga no CURSO 2025/26.

As principais características da convocatoria son:

- Una axuda de 100 €/mes para cada ANPA.
- O financiamento de 10.000 € con cargo á partida 320-48003
- Non se require un número mínimo de usuarios.
- Establécese un único período de desenvolvemento das actividades, que coincide co curso escolar: de setembro de 2025 a xuño de 2026.
- Xunto coa solicitude xa presentan a xustificación.
- O prazo de presentación será de 15 días a contar dende o día seguinte á publicación das bases no BOP de Pontevedra (BOPPO).

A convocatoria refírese ao curso escolar completo, de setembro a xuño, e xa rematado. Este proceder resulta máis sinxelo para a directiva de cada ANPA xa que unicamente se dirixen ao concello nunha ocasión en cada curso.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA NOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA CURSO 2025/26
- Aprobar as bases que regulan esa convocatoria e que se achegan con esta proposta.
- Autorizar o gastos por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 320.48003
- Ordenar a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencones (BDNS) e a posterior publicación do extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2026/2044

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 24, do xoves 5 de febreiro de 2026, publicáronse as bases para subvencións da Deputación de Pontevedra para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia para o ano 2026 procedemento SIA 687911.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, na sesión que tivo lugar o día 02 de marzo de 2026, adoptou, entre outros acordos, aprobar a presentación dunha solicitude para as ditas subvencións na liña de mantemento do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) pola cantidade máxima subvencionable: vinte e cinco mil (25.000,00) euros (PRP 2026/0570).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 24 de abril de 2026, aprobou, entre outros asuntos, a concesión de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2026, con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04 do vigente orzamento provincial, onde lle corresponde ao Concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de vinte mil seiscientos vinte e cinco euros (20.625,00 €) para o mantemento do Servizo de Normalización.

Dáse conta da resolución da concesión de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2026 pola cantidade de vinte mil seiscientos vinte e cinco euros (20.625,00 €) para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a creación do proxecto de gasto e a xeración do crédito correspondente de acordo coa subvención recibida, atendendo as instrucións do departamento de Intervención Ref: Instrución/JFC/002/2026 Expte ..: INT/2024/000561).

XUVENTUDE

PRP2026/2118

A Concellería de Xuventude organiza un PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DE VERÁN NAS PARROQUIAS E CENTRO VILAGARCÍA: VILAGARCÍA DE CINE 2026 (Fantasio na Rúa) que consistirá nunha serie de proxeccións destinadas ao público familiar co obxectivo de contribuír á difusión e visualización de diversas obras cinematográficas destinadas a todos os públicos á vez que se implementa a oferta artístico-cultural e de ocio de Vilagarcía e das súas parroquias durante as vacacións estivais, ao tempo tamén que se contribúe á vertebración territorial como un dos piares da acción cultural do concello de Vilagarcía.

Os obxectivos que se pretenden acadar, entre outros, son os seguintes:

- Achegar á mocidade unha oferta cultural accesible e gratuíta das parroquias e bisbarra de Vilagarcía e centro da vila, ao mundo do cinema en particular e das artes escénicas en xeral,
- Proporcionar á mocidade unha alternativa de ocio educativo fronte ao excesivo uso de pantallas individuais para ofrecerlles un entretemento de calidade .
- Favorecer a diversificación cultural incluíndo a proxección de películas de cine de autor, en lingual galega ou de produción local.
- Fomentar a convivencia interxeneracional incidindo no fortalecemento da relación cos seus familiares máis maiores para que sirva tamén de espazo de intercambio de experiencias para dinamizar a vida social nas parroquias durante as noites de verán a través de iniciativas recreativas, artísticas e culturais a desenvolver especialmente na época do verán.

O Cinema de Verán 2026: Vilagarcía de Cine, conta cun catálogo de distintas obras cinematográficas que se exhibirán nas seguintes parroquias/lugares entre xullo e agosto de 2026, serán concretamente 14 xornadas de cine (dúas sen coste) e ás 22.30h, proxeccións en xuño e en xullo, e ás 09.00h unha proxección en agosto, e nas seguintes Parroquias e lugares de Vilagarcía:

Nº	LUGAR	PELÍCULA	DATA	HORARIO
1	As Pistas- Rúa Camilo José Cela	La Familia Benetton	24 de xuño	22.30h.
2	Os Duráns	Orion y la Oscuridad	25 de xuño	22.30h.
3	Ravella	Leo & Lou	1 de xullo	22.30h.
4	Castroagudín	Quién es Quién	2 de xullo	22.30h.
5	Castro Alobre	SIRAT	8 de xullo	22.30h.
6	Bamio	La peli de fútbol	12 de xullo	22.30h.
7	Rubiáns	Elli y el equipo de Monstruos	14 de xullo	22.30h.
8	Carril-Praia da Covacha	Rondallas	15 de xullo	22.30h.
9	Vilaxoán-Pza. Rafael Pazos	Mufasa	17 de xullo	22.30h.
10	Trabanca Badiña	Un lío de millones	18 de xullo	22.30h.
11	Parque de A Coca	Sonic 3	21 de xullo	22.30h.
12	Sobradelo	Buffalo Kids	23 de xullo	22.30h.
13	Cornazo	Moon Panda	26 de xullo	22.30h.
14	O Sisto	Bella e o Circo Máxico	1 agosto	09.00h.

O gasto ascende a un total de 18.125,56 € (Ive engadido do 21%). Inclúe Cobertura Técnica e seguro de responsabilidade civil. Dúas xornadas van sen custo.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o gasto por importe de 18.125,56 € con cargo á partida orzamentaria 2314-22610.
2. Adxudicar o contrato menor de servizos consistente na realización do Programa de DINAMIZACIÓN DE VERÁN: VILAGARCÍA DE CINE 2026, Á EMPRESA MR.MISTO PRO AND SER S.L., CON NIF B94173705, por importe de 18.125,56€ (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 2314-22610.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

1. .Controlar o acceso e o aforo, a través do persoal correspondente de control de acceso e de vixianza. (en virtude dos art. 14 e 15 da Lei 10/2017 de Espectáculos públicos e Actividades Recreativas de Galicia)
2. .Facerse cargo dos gastos relativos aos dereitos de autor e SGAE.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/2075

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, en relación coa necesidade de formación de escaleira e varanda para salvar o desnivel existente detrás da casa de cultura da Torre, a fin de que permita acceder á casa de cultura dende o espazo con mesas situado a un nivel inferior

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a realización das citadas obras á empresa CESAR PAZ SL, con CIF B36540797 por un importe de 33.529,10 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 1720-60900, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2117

Dáse conta da chegada o día 26/05/2026 dunha proposta de resolución da entidade Augas de Galicia no expediente sancionador con clave DH.D36.112926 incoado por Augas de Galicia ao Concello de Vilagarcía de Arousa por desatención a un requirimento en materia de vertidos de augas residuais en condicións inadecuadas ao río do Con procedente de instalacións municipais de saneamento (Clave DH.D36.112926) pola que se propón declarar responsable ao Concello da comisión dunha infracción de carácter leve tipificada no artigo 85.k) da Lei 9/2010 (desobediencia ás ordes ou requirimentos do persoal de Augas de Galicia no exercicio das funcións que ten encomendadas.....) e se propón a imposición dunha sanción de 2.400 €.

No punto II da proposta de resolución establécese que “de conformidade co previsto no artigo 85.3 da Lei 39/2015 no suposto de que o Concello opte polo pagamento voluntario da sanción proposta nos termos previstos no artigo 85.2 da LPAC procederá a aplicación dunha redución do 20% sobre a sanción proposta, resultando a contía de 1.920 €, cuxo pagamento deberá efectuarse na conta do “Tesouro Facenda galega” a través do impreso que se achega coa proposta de resolución.

Este expediente sancionador baséase nunha inspección do programa de control de vertido na Avda. Rodrigo de Mendoza que constatou un vertido de augas residuais en condicións inadecuadas ao río do Con procedente de instalacións municipais de saneamento situadas nese lugar.

O Concello adoptou diversas medidas, entre elas, a subida dunha arqueta da rede de saneamento para que quedase máis alta que o punto de alivio da rede xeral, aínda que a inspección do Programa de control de vertidos de Augas de Galicia realizada con posterioridade a estas actuacións determinase a continuidade do vertido ao medio receptor a pesar das obras realizadas e, polo tanto, propón impoñer igualmente unha sanción ao interpretar que o concello desatendeu o requirimento por non considerar que as actuacións realizadas implicasen a súa atención.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- O recoñecemento da obriga, a aprobación do gasto e aboamento da multa por importe de 1.920€, co aboamento a través do impreso que se achega coa resolución con cargo á aplicación orzamentaria 929-22699.
- A adopción das medidas que se consideren oportunas para intentar eliminar o punto de vertido.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2026/2058

Cumprindo cos obxectivos do IV Plan de Igualdade, que especifica na súa área III a realización de

accións de sensibilización e visibilización das diversidades afectivo sexuais e identitarias para contribuir á normalización do colectivo, propónse pola Área de Igualdade - CIM a realización dunha campaña de promoción e recoñecemento da diversidade sexual e de xénero. Coas seguintes accións:

- Campaña de sensibilización consistente na compra e reparto de 1000 bolsas de algodón impresas co deseño de Vilagarcía diversa e orgullosa, en conmemoración do Día do Orgullo LGTBQI.
- Proxección en colaboración co cine clube ADEGA o día 26 de xuño d película Maspalomas.
- realización, o día 28 de xuño, dunha acción musical itinerante baixo o slogan “A xente da vila”, a fin de celebrar a diversidade, a cargo de Nelson Quinteiro e a compañía

Para a realización desta actividade requírense os seguintes servizos e suministros:

Proveedor	Datos fiscais	Servizo a Prestar	Orzamento
GRABACIONES SANJUAN S.L	B36491678 Polg. Ind. Castiñeirs nave 21. 36939 – Bueu/ Pontevedra	Subministro de 1000 bolsas impresas a color co deseño de Vilagarcía diversa e orgullosa	4114,00€
NELSÓN QUINTEIRO ROA	78734451T Rúa Fonte do galo, 5, 4ºD 36940 – Cangas Morrazo.Pontevedra	Animación de rúa con intervención urbana e asaltos escénicos. “A xente da vila”	2.365,00€
CINE CLUBE ADEGA	G36018513 Apdo. Correos 205 36600 Vilagarcía/PO	Proxección da película Maspalomas o día 26 de xuño.	484,00€

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o gasto e adxudicar o contrato menor de subministración consistente no subministro de 1.000 bolsas de algodón impresas a cor co deseño de Vilagarcía diversa e orgullosa , á empresa GRABACIONES SAN JUAN S.L., con NIF B36491678, por importe de 4.114,00€ (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 2312 22615.

Segundo: Aprobar o gasto e adxudicar o contrato menor de servizos consistent e na realización dunha animación na rúa con intervención urbana e asaltos escénicos “A xente da Vila”, a NELSON QUINTEIRO ROA, con NIF 78734451T S.L., por importe de 2.365,00 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 2312 226 10.

Terceiro: Aprobar o gasto e adxudicar o contrato menor de servizos consistente na proxección da película “Maspalomas”o día 26 de xuño de 2026 , a o CINE CLUBE ADEGA , con NIF G36018513 , por imp orte de 484 ,00€ (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 2312 22610

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2143

Mediante Resolución de 18 de xullo de 2025 da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2025, o Concello de Vilagarcía de Arousa resultou beneficiario da cantidade de 22.104,31€ (BOE 29 de xullo de 2025) tal e como se deu conta na sesión do 13 de outubro de 2025 .

O período de execución dos fondos do pacto de Estado remata o 30 de xuño de 2026.

Dende a área de igualdade - CIM tense prevista a realización dunha Mesa Redonda sobre educación sexual dirixida ás familias, con cargo aos fondos do pacto de Estado, o vindeiro martes 16 de xuño, en horario de 18:00 a 20:30 horas, no Salón García. O orzamento desta actividade é de 2.450,79€.

Con esta actividade preténdese establecer un espazo de reflexión e diálogo coas familias achegándolles ferramentas para o acompañamento ás fillas e fillos nunha educación sexual sana, respectuosa e libre de violencia machistas así como para a detección e prevención de ditas violencia

Primeira Mesa (18,06h – 19,00h)

O Comando de Igualdade do Carril: a educación sexual nas novas xeracións

Participan integrantes do Comando de Igualdade do IES O Carril , co obxectivo de escoitar a súa experiencia, a súa mirada da realidade actual en relación á educación sexual.

Moderadora: Priscila Retamozo

Temáticas a tratar: as demandas, intereses e necesidades actuais da mocidade en relación á educación sexual; a influencia das redes sociais na construción de discursos, facendo especial fincapé nos mitos e na desinformación. A presenza e o impacto da manosphere e doutros discursos dixitais...

Segunda mesa (19:00 – 20:15H)

¿Como acompañar na educación sexual? Miradas da comunidade educativa

Intervenientes: Lucía Álvarez e Sabela Maceira, sexólogas que impartiron obradoiros de educación afectivo-sexual ao alumnado de Vilagarcía de Arousa durante os cursos 2024–2025 e 2025–2026. Ana Romero, representante da ANPA IES O Carril, ANPA As Briñas. Sofía Fernández, docente do CEIP Rubiáns e coordinadora de igualdade do centro. Pepe Cabido, docente con ampla experiencia en obradoiros de deconstrución de masculinidades.

Para a realización desta actividade propónse a aprobación dos seguintes orzamentos, con cargo aos Fondos do Pacto de Estado

Provedor	Datos fiscais	Servizo a Prestar	Orzamento
SABELA MACEIRA MATO	45872490-W Arnois. Vieites nº5, 36584 A Estrada /Pontevedra	Participación na Mesa de Educación sexual: Mais aló da teoría	200,00€
LUCIA ALVÁREZ LÓPEZ	34282760-H Rúa Gómez Ulla nº 12, 4º C 15702 Santiago/ A Coruña	Participación na mesa de educación sexual: Mais aló da teoría	200,00€
ANPA AS BRIÑAS VILAGARCIA	G36053395 IES O carril, Rúa Marie Curie, s/n	Participación na mesa de educación sexual: Mais aló da teoría	200,00€
XOSÉ CABIDO PÉREZ	76706507-N Rúa Oviedo nº4, 1º D 15704 Santiago/ A Coruña	Participación na mesa de educación sexual: Mais aló da teoría	200,00€
PRISCILA T. RETAMOZO RAMOS	54427420J Rúa Manuel Nuñez nº33, 2º. 36203 Vigo/ Pontevedra	Participación na mesa de educación sexual: Mais aló da teoría	363,00€
SOFIA FERNÁNDEZ MARTINEZ	333561563D Rúa Xoan de Novoa nº3, 1º B 32004 ? Ourense	Participación na mesa de educación sexual: Mais aló da teoría	200,00€
BAÑOS PRINT S.L	B 36252872 Rúa López Ballesteros nº9 36600 Vilagarcía /PO	Display, cartaces e dípticos	694,54 €
VIÑAS PUBLICIDADE S.L	B 36570141 Deiro de Arriba nº18 A 36628 Tremoedo ? Vilanova de Arousa /PO	Reparto material publicitario e de difusión	393,25 €
TOTAL			2.450,79 €

Os fondos dispoñibles que quedan no Proxecto Pacto de Estado 2025, son actualmente 793,53€, aos que hai que engadir os 612,57€ da basket cup, para os que se solicita o cambio na partida de gasto. Deste xeito, estaría dispoñible no Pacto de Estado 1406,10€ que hai que executar antes do 30 de xuño.

Por outra banda presentan para a súa aprobación con cargo aos fondos do Pacto de Estado, - Mesa Redonda sobre educación sexual dirixida ás familias - ten un orzamento de 2450,79 €.

En base a todo o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Que se libere do Proxecto Pacto de Estado a contía de 612, 57€ adxudicados á compra e serigrafiado de 100 camisetas para a Basket Cup Helena Mariño 2026 (PRP 2026/0966), que deberá ser contabilizada no orzamento a área de Igualdade.
- 2.- Aumentar na partida 2312 22615 do Proxecto Pacto de Estado a cantidade de 1044,69€ do orzamento da área de Igualdade.
- 3.- Aprobación da realización da actividade proposta xunto co seu orzamento de 2450,79€, unha vez

realizadas as operacións contables previas.

CONTRATACIÓN

PRP2026/2053

Mediante acordo da xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 13 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para adxudicar, mediante procedemento negociado sen publicidade e mediante licitación electrónica a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público (PLACSP), o contrato privado denominado “ACTUACIÓN DO MÚSICO “MARKY RAMONE” NAS FESTAS DE SAN ROQUE 2026”, cun orzamento de licitación que ascende a 30.250,00 € (IVE engadido), con cargo á aplicación orzamentaria 338-22609 do vixente orzamento municipal. A actuación terá lugar o 18 de agosto de 2026.

Vistas as actas do órgano de asistencia (Asesor técnico de Xunta de Goberno Local) do expediente de referencia, resulta que:

1.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, concorre o licitador invitado:

NIF: B27740950 Eidon Música S.L

2.- Logo de subsanar as deficiencias que presentaba a documentación aportada polo licitador en tempo e forma, o órgano de asistencia conclúe o seguinte:

Admitir ao seguinte licitador:

NIF: B27740950 Eidon Música S.L

3.- A oferta final presentada polo licitador foi a seguinte:

Prezo ofertado: 25.000,00 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (21%) de 5.250,00 €, o que totaliza unha oferta de 30.250,00 € (IVE incluído).

4.- Unha vez aplicado o criterio de valoración do PCAP (prezo), o resultado é o seguinte:

NIF: B27740950 Eidon Música S.L.:

0 PUNTOS

Motivo: Aplicación fórmula de valoración prevista no PCAP. O licitador oferta o prezo tipo de licitación.

5.- O órgano de asistencia concluíu a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación, de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orden: 1NIF: B27740950 Eidon Música S.L. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 0

Total puntuación: 0

6.- O órgano de asistencia (asesor técnico da Xunta de Goberno Local), acordou en sesión de data 21/05/2026:

1.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato privado denominado “ACTUACIÓN DEL MÚSICO MARKY RAMONE EN LAS FIESTAS DE SAN ROQUE 2026”, cun orzamento de licitación de 30.250,00 € (IVE incluído) á seguinte empresa: Eidon Música S.L., con CIF B27740950, de conformidade coa súa propia oferta en aplicación do criterio de valoración e adxudicación previsto no PCAP. Oferta do licitador:

NIF	LICITADOR	IMPORTE SEN IVE	21% IVE	IMPORTE CON IVE
B27740950	Eidon Música S.L	25.000,00 €	5.250,00 €	30.250,00 €

7.- O Licitador presentou en prazo a documentación para ser adxudicatario do contrato, sendo a mesma correcta.

En atención ao exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar, con cargo á aplicación orzamentaria 338-22609, o contrato privado CT 20/2026-e, denominado “ACTUACIÓN DO MÚSICO MARKY RAMONE NAS FESTAS DE SAN ROQUE 2026”, cun orzamento de licitación de 25.000,00 € (sen IVE): 30.250,00 € (con IVE), ao licitador con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas, NIF: B27740950 Eidon Música S.L, de conformidade coa súa propia oferta en aplicación do criterio de valoración e adxudicación previsto no PCAP:

Oferta do licitador NIF: B27740950 Eidon Música S.L:

Prezo ofertado: 25.000,00 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (21%) de 5.250,00 €, o que totaliza unha oferta de 30.250,00 € (IVE incluído).

PRP2026/2073

Tras a realización da pertinente inspección, os servizos técnicos municipais detectaron que a pasarela do río Tripeira sito na Praia de Compostela de Vilagarcía de Arousa presenta diversas patoloxías graves, que xustifican a necesidade dunha actuación de reparación, como son pudrición parda nas testas das lamas e perda de sección nos dormentes de apoio da barandilla, a oxidación xeneralizada nos parafusos da ponte ou a inestabilidade mecánica por fallos nas anclaxes ao terreo.

Estamos ante un itinerario peonil que foi executado fai máis de 15 anos, que consta dunha plataforma de madeira tratada apoiada sobre dormentes, unha ponte de madeira que salva un desnivel/cauce e un tramo de baranda perimetral. Esta estrutura estivo sometida durante todos estes anos a unha exposición directa e permanente ás características meteorolóxicas adversas propias do litoral como a salinidade extrema ou a humidade elevada.

Por todo o anteriormente exposto, faise necesaria a reparación da pasarela do río Tripeira, para o cal foi redactado proxecto técnico polo arquitecto municipal, do Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

Visto que, de conformidade co citado documento técnico, a actuación se localiza sobre superficie de titularidade pública integrada no Dominio Público Marítimo-Terrestre, con data 16 de abril de 2026 foi remitida Declaración responsable de realización de obras na zona de servidume de protección do Dominio Público Marítimo-Terrestre (procedemento MT701B) ao Servizo do Litoral de Pontevedra, da Xunta de Galicia.

Con data 5 de maio de 2026, o xefe do Servizo do Litoral asina documento que, de xeito literal, indica o seguinte: “(...) a declaración responsable presentada se axusta aos artigos 4 e 31 do Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, así coma ao artigo 49.2 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e polo tanto pódese dar traslado a Concello e Costas.”

O proxecto contempla, en resumo, a realización das seguintes actuacións:

- Preparación da explanada, mediante a limpeza de marxes e barrido da superficie.
- Fresado dos entronques, así como na zona de vivendas nas que non se pode modificar a rasante do vial.
- Nova capa de rodadura mediante extensión de MBC tipo D-12 AC 16 SURF 50/70 D, con espesor de 5 cm previo rego de adherencia con 1 kg de ECR-2.
- Posta en rasante e recalce de tapas de rexistro en calzada (pozos, sumidoiros, arquetas, etc.) con dados de formigón HA-25

Con data 29 de maio de 2026 o redactor do proxecto e arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, procedeu á actualización dos prezos do documento técnico, non modificando as obras ou ámbito de actuación nel indicados. De conformidade co referido proxecto actualizado, o orzamento ascende á cantidade de 16.457,75 € (sen IVE); 19.913,88 € (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.

Visto o anteriormente exposto, foi solicitada oferta á mercantil TROQUIÑA SL (B36268217), experta no campo de actuación, que remite a seguinte oferta:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
TROQUIÑA SL	16.457,75 €	19.913,88 €

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Reparación e mellora da pasarela do río Tripeira en Dominio Público Marítimo-Terrestre (DPMT)”, redactado polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cuxo importe de licitación (IVE engadido) ascende a de 19.913,88€.
- 2.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Reparación e mellora da pasarela do río Tripeira en Dominio Público Marítimo-Terrestre (DPMT)”, á mercantil TROQUIÑA SL (B36268217), por importe de 16.457,75 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.456,13€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 19.913,88€, con cargo á partida orzamentaria 1722-60900.
- 3.- Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado “Reparación e mellora da

pasarela do río Tripeira en Dominio Público Marítimo-Terrestre (DPMT)” (CT 39/2026-e).

PRP2026/2108

O obxecto do servizo ao que se refire esta proposta consiste nun servizo de asesoramento e apoio ao Concello de Vilagarcía para a preparación e presentación da súa proposta á convocatoria de proxectos de accións Innovadoras da Iniciativa Urbana Europea (EUI).

En concreto, contémpanse as seguintes tarefas:

- Asesoramento e apoio para a creación da proposta (Anexo I) da solicitude.
- Asesoramento e apoio para a creación do consorcio e convenio coa Autoridade Urbana Principal (o municipio) de acordo ao recolleito na convocatoria
- Elaboración do cadro financeiro
- Elaboración do formulario da solicitude en inglés (A presentación do formulario de solicitude é 100% dixital a través da plataforma EUI.Connect.).

O Concello carece no seu persoal de persoal cos coñecementos necesarios para realizar as tarefas propias do obxecto do contrato, dada a especificidade das mesmas.

A duración dos traballos expostos na proposta alcanzan ata a data de peche de presentación das propostas do 15 de xuño de 2026.

Para levar a cabo este servizo solicitouse orzamento á empresa CINFO CONTIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL con CIF: B15757941 que presenta a seguinte oferta:

EMPRESA	Importe sen IVE	21% IVE	Importe con IVE
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL CIF: B15757941	12.500,00 €	2.625,00 €	15.125,00 €

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e adxudicación do presente contrato menor de servizos por un prazo de execución de 7 días, á mercantil CINFO CONTIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL NIF: B15757941, por contía de 15.125,00 € IVE incluído,, con cargo á aplicación orzamentaria 920-22706.

PRP2026/2122

En data 29/04/2026 e número de Rexistro WEB2026003448, CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. solicita prórroga para a celebración do FESTACLOWN, Vilagarcía de Arousa – Edición 2026, xunto a unha nova proposta técnica.

Á vista do informe emitido en data 18/05/2026 polo Técnico de Cultura do Concello no que se informa FAVORABLEMENTE e o infome emitido en data 20/05/2026 pola Secretaria Xeral do Concello e que se transcribe deseguido:

“INFORME:

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xullo de 2025 adxudicouse o contrato privado denominado “PATROCINIO PUBLICITARIO DO FESTACLOWN-VILAGARCIA DE AROUSA-EDICIÓN 2025”, a Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (NIF: F15983067). No contrato e nos pregos que rexeron a licitación contemplase a posibilidade de prorrogar o contrato para a anualidade 2026. O prezo ofertado polo contratista para a prórroga do contrato no ano 2026 é o seguinte:

Prezo ofertado	IVE (21%)	TOTAL OFERTADO 2026
38.745,00 €	8.136,45 €	46.881,45 €

O artigo 15 do PCAP que rexeo a licitación e a Cláusula 2ª do contrato dispoñen a tal efecto que: 2ª) O prazo de execución do contrato é o seguinte: entre o 18 e o 23 de agosto de 2025 (ambos inclusive). O contrato poderase prorrogar por anualidades ata un máximo de dúas (duración total do contrato incluídas as prórrogas: 3 anos).

As prorrogas do contrato poderán ser autorizadas polo órgano de contratación previa ponderación das circunstancias que concorran. Para a autorización das posibles prórrogas será necesario que o contrato presente, antes do 15 de maio da anualidade correspondente, o novo proxecto do Festaclown para esa edición, no que se contemplen, entre outros aspectos, as datas de celebración do mesmo, programación, artistas, espectáculos, actividades, difusión do festival (materiais, medios, ...), etc.

Dña. Consuelo Vicente Ameal, con DNI 76902015C, na súa calidade de Presidenta da Sociedade

Sooperativa Culturactiva, S. Coop. Galega (NIF: F15983067) presentou en prazo a solicitude de prórroga do contrato para 2026 e o proxecto para dita edición.

Visto o informe favorable do técnico municipal de cultura en relación co proxecto presentado para a edición 2026, así como o disposto no contrato e nos pregos que rexen o mesmo, infórmase FAVORABLEMENTE a 1ª Prórroga do contrato privado denominado "PATROCINIO PUBLICITARIO FESTACLOWN 2025" correspondente á edición 2026 (do 17 ao 22 de Agosto), polo prezo de 38.745,00 € ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.136,45 € o que fai un total IVE engadido de 46.881,45€."

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a primeira Prórroga do contrato privado denominado "PATROCINIO PUBLICITARIO FESTACLOWN 2025" correspondente á edición 2026 (do 17 ao 22 de Agosto), a Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (NIF: F15983067), cun prezo de licitación de 38.745,00 € ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.136,45 € o que fai un total IVE engadido de 46.881,45 € , con cargo á aplicación orzamentaria 334-22602.

2º.- Darlle traslado deste acordo a CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.

PRP2026/2145

O concello de Vilagarcía de Arousa, aos efectos de mellorar a seguridade das persoas viandantes que a diario utilizan a beirarrúa existente diante da antiga "Casa do Mar" na confluencia da rúa Elpidio Villaverde coa Avenida da Mariña, propón a súa modificación e reforma.

Con este obxecto, decídese levar a cabo as actuacións precisas para acadar ao devandito incremento da seguridade, para o que se redacta documento técnico, asinado polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña.

As actuacións proxectadas afectan á beirarrúa da esquina entre Avenida da Mariña e Rúa Elpidio Villaverde. Por tanto, afectan exclusivamente a vías públicas, a maior parte da superficie é de titularidade municipal e unha pequena parte é titularidade da Autoridade Portuaria

Co obxectivo de garantir a seguridades dos peóns e, tendo en conta que a competencia en materia de tráfico e seguridade vial é do Concello de Vilagarcía de Arousa, se comunica a execución da actuación á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

A memoria técnica contempla a realización das seguintes tarefas:

- Cortado e levantado dos bordos e zonas da calzada afectadas pola intervención.
- Apertura de gabias e conexión dos novos sumidoiros coa rede.
- Construción dun novo bordo de pedra ou formigón para xerar un espazo axardinado. Deste modo non só se impide o estacionamento de vehículos senón que tamén se obriga aos peóns a cruzar polos pasos de ceбра.
- Pintado de marcas viais e pasos de peóns, se fora necesario.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a memoria técnica denominada "Modificación de beirarrúa na esquina da Casa do Mar", redactado polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, cun orzamento de 14.500,00 € (IVE engadido) e a súa execución con medios propios municipais.

2.- Comunicar á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa a execución das referidas obras.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2026/2136

Visto o expediente INT/2026/143 integrado pola certificación de obra Nº DEZ E FINAL (2026/2190), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLELLANO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/2197), por importe de 25.471,57€.

Visto o informe de execución de obra da Directora de Obra xustificativo das modificacións de algunhas partidas para a súa adaptación as medicións finais e as exixencias da propia execución. A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1.- Aprobar as referidas variacións e polo tanto a diminución do importe adxudicado por un total de 159,00 €.

2.- O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº DEZ E FINAL (2026/2190), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLELLANO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/2197), por importe de 25.471,57€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Tercero	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/ 2026/2190	DEZ E FINAL	14/04/2026	25.471,58	B36533537	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CERTIF. DEZ E FINAL OBRA CONDE VALLELLANO"" 2024/2/POS24/7/1	459	61900

PRP2026/2137

Visto o expediente INT/2026/357 integrado pola certificación de obra Nº CATRO (2026/3574), derivada da execución do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN ALUMBRADO PASEO MARÍTIMO DE VILAGARCÍA Y ACCESO A PLAYAS URBANAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/3511), dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2023/2/NEXT/3/1, por importe de 101.630,53€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CATRO (2026/3574), derivada da execución do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN ALUMBRADO PASEO MARÍTIMO DE VILAGARCÍA Y ACCESO A PLAYAS URBANAS", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/3511), dentro do proxecto de gasto con financiación afectada 2023/2/NEXT/3/1, por importe de 101.630,53€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Tercero	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/ 2026/3574	CATRO	03/06/2026	101.630,53	B36699064	SETGA, S.L.	CERTIF. CATRO OBRA ""RENOVACIÓN ALUMBRADO PASEO MARÍTIMO DE VILAGARCÍA Y ACCESO A PLAYAS URBANAS""	165	6190018

PRP2026/2138

Visto o expediente INT/2026/380, integrado pola certificación de obra Nº TRES (2026/3582), derivada da execución do contrato de obras denominado " HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/3526), dentro del proyecto de gasto con financiación afectada 2025-2-POS25-4-1, por importe de 54.117,04€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº TRES (2026/3582), derivada da execución do contrato de obras denominado " HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2026/3526), dentro del proyecto de gasto con financiación afectada 2025-2-POS25-4-1, por importe de 54.117,04€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Tercero	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/ 2026/3582	TRES	05/06/2026	54.117,04	B36816189	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	CERT. TRES DA OBRA ""HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO"" PROX: 2025-2-POS25-4-1	1530	61900

PRP2026/2139

Visto o expediente de gasto INT/2026/383 integrado pola relación de xustificantes F/2026/111 por importe de 23.588,49€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/111 por importe de 23.588,49€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/ 2026/2717	26-1-151-1-04/89	30/04/2026	353,25	320	22699	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	Plátano de Canarias IGP kg / Manzana Golden kg / Pedido internet Nº 0002100000338836 /

								Agua Froiz 50 cl / Agua Froiz 50
F/ 2026/33 25	0780200026	28/02/20 26	340,01	926	22602	A28281368	RADIO POPULAR, S.A.	C-100 RIAS BAIXAS-MORNING BUENOS DIAS JAVI Y MAR (CONCELLO DE VILAGARC) / COPE PONTEVEDRA-LA LINTERNA (CONCELLO DE
F/ 2026/33 56	2024 66	25/10/20 24	725,00	320	22799	36112688C	J. GUIADANES MARCOS FIGUEIRAS	-Programa “BOSQUE ATLÁNTICO” - Actividades desenvolvas no CEIP A Lomba en 1ª XORNADA cos grupos 6ºA, 6ºB e 6ºC - “As nos
F/ 2026/33 63	26 280	14/04/20 26	363,00	334	22706	B94053659	CONTROL INSPECCIÓN REGLAMENTARIA, S.L.	CERTIFICADO REVISION TRIMESTRAL ESCENARIO MODULAR
F/ 2026/33 78	26-1-151-1-05/95	30/05/20 26	130,75	320	22699	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	ALIMENTACIÓN / Alimentación básica / Alimentación general / BODEGA Y BEBIDAS / Agua Froiz 33 cl
F/ 2026/33 96	CO 1	25/05/20 26	14.967,70	338	22609	B70377924	ESPECTACULOS CANTARUXA SL	ACTUACIÓN TRIBUTO A ALEJANDRO SANZ O 23 DE MAIO NO PARQUE DA XUNQUEIRA -VILAGARCÍA
F/ 2026/33 97	F2026 1	26/05/20 26	968,00	334	22609	G70201769	AC LOBICAN	Actuación musical de Barbitúricos no marco de “Agora vermú 2026”, a celebrar o día 24/05/2026.
F/ 2026/33 99	CX 28	29/05/20 26	484,00	334	22637	76827870G	MAURICIO IGLESIAS ENRIQUE	Actividade de contacontos ilustrado e musicado a realizar na Biblioteca de Vilagarcia o día 23 de maio. “Begoña Caamaño”
F/ 2026/34 03	REP-26 005	31/05/20 26	271,04	334	22602	B94040524	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	MAYO-REPARTO DE MATERIAL PUBLICITARIO DE ACTIVIDADES DE CARACTER CULTURAL.
F/ 2026/34 91	3	27/05/20 26	391,00	338	22609	G36114502	CENT. CULT. DEP. S. PLACIDA	ACTUACIÓN GRUPO DE GAITAS SANTA PLÁCIDA O DÍA 23/05/2026 NAS FESTAS DE SANTA RITA.
F/ 2026/34 92	0004/2026	20/05/20 26	500,00	3261	22606	35583936S	VAZQUEZ MARTINEZ, NADIA	MASTERCLASS SOBRE A MUSETTE BARROCA. CLASCLÁS 2026.
F/ 2026/34 93	1/2026	01/06/20 26	200,00	2312	22610	44831766M	ARIAS RIVAS SUSANA	PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA SÚDE: EN LISTA DE ESPERA. 28/05/2026.
F/ 2026/34 94	1/2026	01/06/20 26	200,00	2312	22610	44818618J	LOPEZ ADRIANA SANTOS	PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA SAÚDE: EN LISTA DE ESPERA. 28/05/2026.
F/ 2026/35 07	1526	01/06/20 26	1.497,37	926	22602	35473888E	JUEGUEN GARCIA, PABLO	XESTIÓN, MANTEMENTO E CREACIÓN DE CONTIDOS RRSS - MAIO 2026.
F/ 2026/35 08	826	01/06/20 26	1.497,37	926	22799	35476266P	DURAN RECUNA, CRISTINA	ARQUIVO FOTOGRÁFICO CONCELLO VILAGARCÍA. MAIO 2026.
F/ 2026/35 60	26F0001	04/06/20 26	350,00	334	22609	G94007911	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	CELBRACIÓN ECLESIASTICA NOSA SEÑORA DE CEA 19 ABRIL 2026.
F/ 2026/35 61	26F0003	04/06/20 26	350,00	338	22609	G94007911	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	PASARRÚAS FESTAS SANTA RITA 24 MAIO 2026.
		TOTAL:	23.588,49					

PRP2026/2140

Visto o expediente de gasto INT/2026/384 integrado pola relación de xustificantes F/2026/112

por importe de 6.702,77€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/112 por importe de 6.702,77€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2026/2699	A 18	29/04/2026	618,60	432	489	G36597201	ASOC. RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS	COTA SOCIO 2026.
F/2026/3351	F 336	28/05/2026	484,00	926	22602	36069623B	GONZALEZ MIGUEZ, PURIFICACION	Campaña publicidade Festas Santa Rita 2026 en Arousa Si Radio
F/2026/3365	1 004420	28/05/2026	171,82	926	22602	B94047099	ATLANTIS COMUNICACIÓN, S.L.	Inserción publicitaria de 1 megabanner tamaño 980x250 px. coa promoción das "FESTAS DE SANTA RITA 2026", do 15 ao 24
F/2026/3368	1226	04/05/2026	363,00	926	22602	35473888E	JUEGUEN GARCIA, PABLO	PROMOCIÓN NAS RRSS FESTAS SANTA RITA 2026.
F/2026/3391	Emit- 2	01/06/2026	4.581,35	334	22637	78794946M	FORMOSO LADO, XOSE ANTONIO	Xestión dos xantares e o equipamento de son e imaxe para a final do Club de Debate Alingua 2026
F/2026/3504	1326	01/06/2026	242,00	926	22602	35473888E	JUEGUEN GARCIA, PABLO	PROMOCIÓN NAS RRSS VGA365 - SOLIFEST.
F/2026/3505	1426	01/06/2026	242,00	926	22602	35473888E	JUEGUEN GARCIA, PABLO	PROMOCIÓN NAS RRSS VGA365 - FESTIVALA.
		TOTAL:	6.702,77					

PRP2026/2141

Visto o expediente de gasto INT/2026/385 integrado pola relación de xustificantes F/2026/113 por importe de 1.764,71€.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal, acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2026/113 por importe de 1.764,71€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2026/3326	Emit-225825	26/05/2026	486,42	926	22000	B59514695	APA ESPAÑA, S.L.	APY18FT10650N (Materiales para el ploter del Área de Comunicación Partida presupuestaria: Área de Comunicación Social.
F/2026/3327	0 5840	22/05/2026	76,74	320	213	B36630085	COMERCIAL BASTOS SL	FLUXOR WC SCHELL 3/4 022020699 (FLUXOR WC SCHELL 3/4 022020699)
F/2026/3328	0 5841	22/05/2026	141,67	920	213	B36630085	COMERCIAL BASTOS SL	ENLACE ROSCA MACHO COMPRESION CROMADO 1-28 (ENLACE ROSCA MACHO COMPRESION CROMADO 1-28) / ALARGADERA LATON REDONDA 1-5
F/2026/3329	0 5842	22/05/2026	81,57	323	213	B36630085	COMERCIAL BASTOS SL	ABRAZADERA SIN FIN 25-40 W2 (ABRAZADERA SIN FIN 25-40 W2) / FLUXOR WC PRESTO 1000M (FLUXOR WC PRESTO 1000M) / CASQUI
F/2026/3348	A 1204	25/05/2026	61,65	1530	22104	B36456952	SEGURLAIN 2020, S.L.	Polo 100% algodón 220gr m/c Top Patrol / Pantalon stretch con cintas refl. 103014S / VINILO PECHO CLLO
F/2026/3387	/26 157	30/05/2026	484,00	160	213	B94057536	CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.	INSPECCIÓN DE TUBERÍAS (canalVIEW+) / DESPLAZAMIENTO EQUIPO DE INSPECCIÓN (canalVIEW+) / SERVICIO SOLICITADO POR PICHEL
F/2026/3388	A 26000324	01/06/2026	334,81	926	22000	B15535271	SKETCH SYSTEM, S.L.	COPIA COLOR A3 KONICA MINOLTA C658 / COPIA B/N A3 KONICA MINOLTA C658 /

								COMMENT COPIAS REALIZADAS ENTRE EL 20/04/26 AL 2
F/ 2026/358 1	082/26	30/05/20 26	97,85	334	22000	E36307718	PAPELERIA ARINES, C.B.	MATERIAL DE OFICINA. SERVIZO CULTURA. ALBARÁ N° 263.
		TOTAL:	1.764,71					

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.